

PROBA DE ACCESO

Proba de acceso a 1º de grao elemental L.O.E.

Segundo o disposto no decreto 198/2007 do 27 de setembro (polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música e se regula a proba de acceso), o procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais dos interesados e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais.

Para avaliar as aptitudes musicais teranse en conta, cando menos, os seguintes aspectos:

▶ Exercicios para valorar a aptitude rítmica:

Consistirá no seguinte:

- O alumno/a marcará con palmas o pulso dunha peza interpretada por un membro do tribunal ou gravada.
- O alumno/a imitará por medio de palmas ou cun instrumento de pequena percusión, varios ritmos sinxelos propostos por un membro do tribunal.

▶ Exercicio para valorar a aptitude auditiva e vocal.

Consistirá no seguinte:

- Un profesor do tribunal realizará un pequeno fragmento melódico (coa voz ou co teclado) para que o alumno o imite coa súa voz.
- Propoñer o alumno que interprete unha canción ou fragmento dunha peza que coñeza (do colexio ou dos xogos).

▶ Exercicio para valorar a aptitude psicomotriz.

Consistirá no seguinte:

- Propoñer ao alumno que marque cos pés o acento dunha peza mentres efectúa coas mans o pulso da mesma.
- Un membro do tribunal efectuará un ritmo un pouco máis elaborado con percusión corporal combinada (incluíndo pés, pernas, palmas e chasquidos) para que sexa imitado polo alumno/a.